



**Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE)**

**Estudo internacional sobre o ensino e a aprendizaxe (TALIS Starting Strong) 2024**

**Cuestionario do equipo educativo**

**Segundo ciclo de educación infantil**

Versión de estudo principal

Galego

Instituto Nacional de Evaluación Educativa. Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes. Teléfono: +34 917.459.232. Correo electrónico: [info.inee@educacion.gob.es](mailto:info.inee@educacion.gob.es)

**Consorcio internacional do proxecto**

Asociación Internacional para a Avaliación do Rendemento Educativo (IEA),  
Países Baixos e Alemaña

Consello Australiano para a Investigación Educativa (ACER), Australia

RAND Europe, Reino Unido

cApStAn Linguistic Quality Control, Bélxica

---

## SQ\_Start\_gl-ES



**Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento  
Económicos (OCDE)**

**Estudo internacional sobre o ensino e a aprendizaxe (TALIS  
Starting Strong) 2024**

---

## SQ\_Introduction\_gl-ES

**TALIS Starting Strong 2024**

O Estudo internacional sobre o ensino e a aprendizaxe para o nivel de Educación infantil (TALIS Starting Strong) é un estudo internacional realizado aos directores/as e equipos docentes de educación infantil que lles ofrece a oportunidade de compartir as súas opinións sobre a súa situación profesional para apoiar o desenvolvemento de políticas. Dezaseis países, entre eles España, participan no estudo TALIS Starting Strong 2024, cuxa dirección corre a cargo da Organización para a cooperación e o desenvolvemento económicos (OCDE).

A análise comparativa destes datos entre os países participantes permitiralles a estes últimos identificaren outros países que se enfrontan a desafíos similares e aprenderen doutros enfoques en política educativa. Os directores/as e equipos docentes de educación infantil proporcionarán información sobre cuestións tales como a contorna de aprendizaxe e o benestar da educación infantil nos centros nos que traballan; o seu desenvolvemento profesional; as súas crenzas e prácticas pedagóxicas; e outras cuestións relativas á dirección dos centros, á súa xestión e ao lugar de traballo.

O obxectivo de TALIS Starting Strong 2024 é obter unha imaxe das diferentes contornas e prácticas en centros que imparten educación infantil en todos os países participantes. Cada país, e cada persoa, ten os seus propios enfoques sobre a educación infantil. Confiamos na súa experiencia para que exprese as súas opinións e para que describa a súa forma de ensinar coa maior precisión posible.

Ao tratarse dun estudo internacional, é posible que algunhas preguntas non se axusten exactamente ao seu contexto nacional. Nestes casos, por favor responda da forma máis axeitada que poida.

## **Confidencialidade**

Toda a información recollida neste estudo será tratada de forma confidencial. Dado que os resultados se darán a coñecer por países e tipos de centros de cada país, garantímoslle que en ningún momento se revelará nin a súa identidade, nin a do seu centro, nin a de ninguén que forme parte do persoal deste en ningún informe sobre os resultados do estudo. Pode obter información detallada sobre esta cuestión no documento anexo á Carta de presentación que recibiu para participar no estudo TALIS 2024: "Información en materia de protección de datos e confidencialidade".

## **Sobre o cuestionario**

- Neste cuestionario, “integrante do equipo educativo de educación infantil” refírese a: toda aquela persoa que realiza tarefas de tipo educativo co alumnado de educación infantil.
- Neste cuestionario, “director/a dun centro que imparte educación infantil” refírese á persoa que exerce a representación do centro ante a Administración educativa.
- Neste cuestionario, “este centro que imparte educación infantil” refírese a: este centro docente que imparte as ensinanzas de educación infantil.
  - Se é membro dun equipo educativo de educación infantil e traballa en máis dun centro que imparte educación infantil, ao responder as preguntas, por favor refírase ao centro no que recibiu este cuestionario.
- Este cuestionario pódese responder, aproximadamente, nuns 45 minutos.
- As instrucións para responder ás preguntas están escritas en *cursiva*.
- Pódense responder case todas elas marcando a resposta máis axeitada.
- Se ten algunha dúbida acerca de calquera aspecto do cuestionario ou se desexa máis información sobre este ou sobre o estudo, pode poñerse en contacto connosco a través deste número de teléfono: +34 984.706.452, ou ben pode enviarnos un correo electrónico a [talis@estudiosyevaluaciones2e.com](mailto:talis@estudiosyevaluaciones2e.com)

**Moitas grazas pola súa colaboración!**

---

**SQ\_Headline\_Background\_gl-ES**

**Información de carácter xeral**

*Estas preguntas refírense a vostede, á súa formación e ao tempo que leva no ensino. Ao respondelas, marque as casas que correspondan ou facilite cifras cando sexa necesario.*

---

## SQ\_01\_gl-ES

### Como se define vostede?

*Marque unha opción.*

☐ Muller

☐ Home

☐ Outro

---

## SQ\_02\_gl-ES

### Idade

*Escriba os anos que ten.*

Anos

---

## SQ\_04\_gl-ES

**Fala algunha das linguas usadas polo alumnado bilingüe, excluíndo a(s) lingua(s) vehicular(es) que se utiliza(n) neste centro?**

*Marque unha opción.*

☐

Si

☐

Non

☐

Non hai alumnado bilingüe.

---

## SQ\_03\_a\_gl-ES

**Cal das seguintes categorías representa mellor o seu papel neste centro?**

*Marque unha opción para indicar que categoría representa mellor o seu papel neste centro que imparte educación infantil.*

☐

Director/a dun centro que imparte educación infantil

*Persoas coa máxima responsabilidade administrativa, directiva e/ou pedagóxica no centro que imparte educación infantil*

- ☐ Profesor/a  
*Persoas responsables do coidado e da aprendizaxe dun grupo de nenos/as (p. ex., educadores/as)*
- ☐ Asistente/Auxiliar de conversa  
*Persoas que axudan no coidado e educación do alumnado (p. ex., asistentes/as, auxiliares/as)*
- ☐ Profesorado de apoio ou de atención educativa individualizada  
*Persoas responsables do coidado e da educación de alumnado específico (p. ex., axudantes de integración, axudantes de necesidades especiais)*
- ☐ Profesorado especialista  
*Persoas responsables de áreas específicas (p. ex., profesorado de música ou educación física)*
- ☐ Persoal en prácticas  
*Persoas que finalizan os seus estudos mentres traballan*
- ☐ Outro
- 

## SQ\_05\_gl-ES

### **Cal é a súa situación laboral como membro do equipo educativo de educación infantil neste centro?**

*"Situación laboral" refírese ao tipo de vinculación laboral que ten co centro.*

*Marque unha opción.*

- ☐ Duración indefinida (praza fixa ou un contrato en vigor sen data de

finalización antes da idade de xubilación)

- ☐ Duración determinada (un contrato cunha data final determinada) ou emprego temporal
- ☐ Por conta propia (persoa que non ten un contrato de carácter indefinido ou de duración determinada cunha parte empregadora, p. ex., persoa autónoma)
- ☐ Sen vinculación laboral

---

## SQ\_06\_gl-ES

**Cal é o seu horario de traballo actual como membro do equipo educativo de educación infantil?**

*Marque unha opción.*

- ☐ Tempo completo (máis do 90 % das horas de traballo a tempo completo)
- ☐ Tempo parcial (50-90 % das horas a tempo completo)
- ☐ Tempo parcial (menos do 50 % das horas a tempo completo)

---

## SQ\_07\_gl-ES

**Por que traballa a tempo parcial?**



Marque a opción que mellor describa o motivo de traballar a xornada parcial.

☐ Traballo a tempo parcial por motivos persoais.

☐ Unicamente encontrei traballo a tempo parcial.

---

## SQ\_08\_ISCED02\_gl-ES

### **Cantos anos ten de experiencia laboral, con independencia de se traballou a tempo parcial ou a tempo completo?**

*Non inclúa períodos prolongados de permiso, como o permiso de maternidade/paternidade.*

*Escriba un número en cada apartado. Escriba 0 (cero) se non ten ningún.*

*Redondee ao ano enteiro máis próximo. Se traballou menos de 6 meses, escriba cero (0).*

a) Anos traballando como membro do equipo educativo de educación infantil neste centro

b) Anos traballando como membro dun equipo educativo de educación infantil en total

c) Anos traballando noutras funcións educativas/pedagóxicas ou noutras funcións con nenos/as (inclúa funcións como o traballo de coidador/a, titor/a, profesor/a nun colexio de primaria, nun instituto de secundaria ou na

universidade, pero non inclúa os anos traballados como membro dun equipo educativo de educación infantil)

---

## SQ\_09\_gl-ES

**Traballa actualmente como membro dun equipo educativo de educación infantil en máis dun centro?**

*Marque unha opción.*

☐ Si

☐ Non

---

## SQ\_10\_gl-ES

**Se a resposta á pregunta anterior foi "Si", indique en cantos centros máis traballa actualmente como membro do equipo educativo de educación infantil.**

*Escriba un número.*

Centros

## SQ\_12\_gl-ES

### **Completou algún dos seguintes programas de educación ou formación para prepararse para traballar con nenas e nenos?**

*"Programa de educación ou formación" refírese a calquera programa regrado e oficial ou etapas de aprendizaxe e/ou desenvolvemento profesional ofrecidos por un programa estruturado ou certificado. Esta formación non ten por que estar relacionada exclusivamente coa formación e a cualificación para traballar con nenas e nenos.*

*Marque unha opción en cada fila.*

Si

Non

a) Un programa de ESO, Bacharelato, FP de Grao Medio ou equivalentes

☐☐

b) Un programa de FP de Grao Superior, FP II ou equivalentes

☐☐

c) Un programa de Grao Universitario, Diplomatura Universitaria, Enxeñería Técnica, Arquitectura Técnica ou Título Superior de Ensinanzas Artísticas

☐☐

d) Un programa de Mestrado, Licenciatura, Enxeñería, Arquitectura, Mestrado en Ensinanzas Artísticas, ou superior

☐☐

e) Outro programa de educación ou formación que conduciu a unha cualificación ou certificado

☐☐

f) Outro programa de educación ou formación que non conduciu a unha cualificación ou certificado

☐☐

---

## SQ\_13\_gl-ES

**O programa ou programas cos que se preparou para traballar con nenas e nenos incluían formación práctica?**

*"Formación práctica" refírese ao traballo con nenas e nenos nun centro que imparte educación infantil, baixo supervisión e como parte dun programa de educación ou formación.*

*Marque unha opción.*

☐

Si

☐

Non

---

## SQ\_14 (Form A)\_gl-ES

**Estaban incluídos os seguintes aspectos nalgún dos programas de educación ou formación de carácter formal que o/a prepararon para traballar con nenos/as?**

*Marque unha opción en cada fila.*

	Si	Non
a) Saúde, coidados persoais e seguridade infantil (p. ex., hixiene, alerxias, prevención de lesións)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
b) Fomento do xogo e da interacción cos iguais	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
c) Apoio na aprendizaxe temperá do alumnado nas áreas de aprendizaxe (p. ex., linguaxe, aritmética, ciencias, arte etc.)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
d) Apoio ao desenvolvemento social e emocional do alumnado	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
e) Apoio ao interese do alumnado no coidado do medio ambiente	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
f) Xestión da aula ou grupo	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

g) Seguimento/documentación do desenvolvemento, benestar e aprendizaxe do alumnado

☐☐

h) Usar recursos e ferramentas dixitais para facilitar o traballo co alumnado

☐☐

i) Traballar co alumnado bilingüe

☐☐

l) Traballar co alumnado con necesidades educativas especiais

☐☐

m) Traballar co alumnado de contornas desfavorecidas (p. ex., desfavorecidas economicamente, refuxiadas)

☐☐

n) Traballar co alumnado de orixes diversas (p. ex., familias multiculturais, de minorías relixiosas, sexuais ou de xénero)

☐☐

o) Traballar cos pais, nais ou titores/as legais/familias.

☐☐

p) Apoiar as transicións do alumnado a outros centros que imparten educación infantil ou a colexios de educación primaria

☐☐

---

# SQ\_Headline\_Professional\_Development\_gl-ES

## Desenvolvemento profesional

*Nesta sección, a expresión "desenvolvemento profesional" defínese como as actividades deseñadas para desenvolver as competencias, o coñecemento e a experiencia como membro do equipo educativo de educación infantil (ou, máis en xeral, como profesional)*

*Teña en conta só aquelas actividades de desenvolvemento profesional levadas a cabo despois de incorporarse á profesión como membro do equipo educativo de educación infantil.*

---

## SQ\_15\_gl-ES

**Durante os últimos 12 meses, participou nalgunha das seguintes actividades de desenvolvemento profesional?**

*Un "programa de orientación/titoría" refírese ás actividades onde os membros do equipo educativo de educación infantil contan cun titor/a dedicado a apoiar a mellora da súa práctica.*

*Un "programa de iniciación/orientación profesional" inclúe actividades deseñadas para apoiar os novos membros do equipo educativo de educación infantil e os directores/as na súa toma de contacto coa profesión de educación infantil ou as persoas que traballan por primeira vez nun centro.*

*Marque unha opción en cada fila.*

Si, presencial

Si, virtual ou en  
liña

Si, presencial e  
virtual/en liña

Non

a) Cursos/seminarios/obradoiros

☐☐☐☐

b) Conferencias nas que o equipo educativo de educación infantil e/ou persoal investigador presentan as súas investigacións ou debaten temas educativos e de coidados

☐☐☐☐

c) Programa de cualificación profesional (p. ex., un programa dirixido á obtención dunha titulación)

☐☐☐☐

d) Visitas planificadas a outros centros que imparten educación infantil para fundamentar a miña práctica

☐☐☐☐

e) Visitas planificadas a outras aulas ou grupos neste centro para fundamentar a miña práctica

☐☐☐☐

f) Programa de orientación/titoría como parte dun programa formal do centro que imparte educación infantil

☐☐☐☐



g) Redes formais ou informais do equipo educativo de educación infantil con obxectivos formativos

☐☐☐☐

h) Programa de iniciación/orientación profesional

☐☐☐☐

i) Outra

☐☐☐☐

---

## SQ\_16\_1\_gl-ES

**Os contidos enumerados a continuación estiveron incluídos nas súas actividades de desenvolvemento profesional dos últimos 12 meses?**

*Marque unha opción en cada fila.*

Si

Non

a) Teorías sobre o desenvolvemento, o benestar e a aprendizaxe en idade temperá

☐☐

b) Saúde, cuidados persoais e seguridade infantil (p. ex., hixiene, alerxias, prevención de lesións)

☐☐

c) Fomento do xogo e da interacción cos iguais

☐☐

d) Apoiar a aprendizaxe temperá do alumnado nas áreas de aprendizaxe (p. ex., lingua, aritmética, ciencias, arte etc.)

☐☐

e) Apoiar o desenvolvemento social e emocional do alumnado

☐☐

f) Apoiar o interese do alumnado no coidado do medio ambiente

☐☐

g) Xestión da aula ou grupo

☐☐

h) Seguimento/documentación do desenvolvemento, benestar e aprendizaxe do alumnado

☐☐

i) Usar recursos e ferramentas dixitais para facilitar o traballo co alumnado

☐☐

l) Traballar co alumnado bilingüe

<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
m) Traballar co alumnado con necesidades educativas especiais	
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
n) Traballar co alumnado de contornas desfavorecidas (p. ex., desfavorecidas economicamente, refuxiadas)	
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
o) Traballar co alumnado de orixes diversas (p. ex., familias multiculturais, de minorías relixiosas, sexuais ou de xénero)	
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
p) Traballar coas familias	
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
q) Apoiar a transición do alumnado a outros centros que imparten educación infantil ou a colexios de educación primaria	
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

---

## SQ\_17\_gl-ES

**Con respecto ás actividades de desenvolvemento profesional nas que participou durante os últimos 12 meses, en xeral, en que medida tiveron un impacto positivo no seu traballo co alumnado?**

*Marque unha opción.*

☐ Nada en absoluto

☐ Algo

☐ Bastante

☐ Moito

---

## SQ\_19\_gl-ES

**Recibiu algún dos seguintes apoios para as actividades de desenvolvemento profesional nas que participou durante os últimos 12 meses?**

*Marque unha opción en cada fila.*

Si

Non

a) Exención do traballo co alumnado durante o horario laboral habitual (p. ex., redución do tempo de ensino, días libres, permiso por estudos)

☐☐

b) Complemento salarial por actividades fóra do horario laboral

☐☐

c) Reembolso ou pago dos custos de desenvolvemento profesional (p. ex., cotas de inscrición)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
d) Reembolso dos gastos correntes (p. ex., transporte, materiais, comida)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
e) Materiais necesarios para as actividades (p. ex., material de oficina)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
f) Compensación non económica (p. ex., recursos/materiais para a aula ou grupo, vales de libros, software/aplicacións)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
g) Beneficios profesionais non económicos (p. ex., cumprimento de requisitos de actividades de desenvolvemento profesional, mellora das miñas oportunidades de promoción)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
h) Aumento do salario	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

SQ\_20\_1\_gl-ES

**Para cada unha das áreas enumeradas a continuación, indique en que medida necesita actualmente**

## desenvolvemento profesional.

*Marque unha opción en cada fila.*

Non necesaria actualmente	Baixo nivel de necesidade	Moderado nivel de necesidade	Alto nivel de necesidade
a) Teorías sobre o desenvolvemento, o benestar e a aprendizaxe en idade temperá	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
b) Saúde, coidados persoais e seguridade infantil (p. ex., hixiene, alerxias, prevención de lesións)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
c) Fomento do xogo e da interacción cos iguais	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
d) Apoiar a aprendizaxe temperá do alumnado nas áreas de aprendizaxe (p. ex., lingua, aritmética, ciencias, arte etc.)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
e) Apoiar o desenvolvemento social e emocional do alumnado	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
f) Apoiar o interese do alumnado no coidado do medio ambiente	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

g) Xestión da aula ou grupo

☐☐☐☐

h) Seguimento/documentación do desenvolvemento, benestar e aprendizaxe do alumnado

☐☐☐☐

i) Usar recursos e ferramentas dixitais para facilitar o traballo co alumnado

☐☐☐☐

l) Traballar co alumnado bilingüe

☐☐☐☐

m) Traballar co alumnado con necesidades educativas especiais

☐☐☐☐

n) Traballar co alumnado de contornas desfavorecidas (p. ex., desfavorecidas economicamente, refuxiadas)

☐☐☐☐

o) Traballar co alumnado de orixes diversas (p. ex., familias multiculturais, de minorías relixiosas, sexuais ou de xénero)

☐☐☐☐

p) Traballar coas familias

☐☐☐☐

q) Apoiar a transición do alumnado a outros centros que imparten educación infantil ou a colexios de educación primaria

☐☐☐☐

---

## SQ\_21\_gl-ES

**En que medida está de acordo ou en desacordo con que as seguintes cuestións son un impedimento para que vostede participe en actividades de desenvolvemento profesional?**

*Marque unha opción en cada fila.*

Totalmente en  
desacordo

En desacordo

De acordo

Totalmente de  
acordo

a) Non cumpro cos requisitos previos (p. ex., titulación, experiencia, antigüidade).

☐☐☐☐

b) Non teño as competencias para usar os recursos e as ferramentas dixitais necesarias.

☐☐☐☐

c) Non teño acceso aos recursos e ferramentas dixitais necesarias.

☐☐☐☐



d) Non teño as habilidades lingüísticas precisas.

☐☐☐☐

e) O transporte cara ao lugar e/ou dende o lugar onde se imparte a actividade de desenvolvemento profesional é difícil.

☐☐☐☐

f) A actividade de desenvolvemento profesional é demasiado cara.

☐☐☐☐

g) Falta apoio do/a director/a

☐☐☐☐

h) Incompatibilidade da actividade de desenvolvemento profesional co meu horario laboral.

☐☐☐☐

i) Non teño tempo debido a outros compromisos ou responsabilidades.

☐☐☐☐

l) Non se ofrecen actividades de desenvolvemento profesional en áreas que sexan do meu interese.

☐☐☐☐

m) Non hai incentivos para participar.

☐☐☐☐

n) Non hai persoal suficiente para suplir a miña ausencia.

☐☐☐☐

---

## SQ\_Headline\_Professional\_Beliefs\_gl-ES

### Crenzas e prácticas profesionais

---

#### SQ\_22 (Form B)\_gl-ES

**Moitos aspectos do seu traballo son importantes para preparar o alumnado para a súa vida futura. Na súa opinión, que importancia ten desenvolver as seguintes competencias ou características no alumnado?**

*Marque unha opción en cada fila.*

Importancia  
moi baixa

Importancia  
algo baixa

Importancia  
moderada

Importancia  
algo alta

Importancia  
moi alta

a) Competencias de autocoidado (p. ex., comer por si mesmos/as, hixiene, vestirse)

☐☐☐☐☐

b) Capacidades físicas e motrices (p. ex., exercicios físicos, saltar, bailar)

☐☐☐☐☐

c) Preparación para a escola

☐☐☐☐☐

d) Coñecemento e habilidades en áreas específicas (p. ex., linguaxe inicial, alfabetización, aritmética, ciencias)

☐☐☐☐☐

e) Competencia para comunicarse e cooperar cos demais

☐☐☐☐☐

f) Competencia para entender e xestionar as emocións propias

☐☐☐☐☐

g) Competencia para concentrarse, controlar os impulsos e finalizar as tarefas

☐☐☐☐☐

h) Creatividade, imaxinación e capacidade para resolver problemas

☐☐☐☐☐

i) Autonomía e toma de decisións responsable

☐☐☐☐☐

l) Cidadanía, tolerancia e apertura a outras culturas

☐☐☐☐☐

m) Interese por coidar o medio ambiente

☐☐☐☐☐

n) Entusiasmo por explorar e aprender

☐☐☐☐☐

---

## SQ\_23\_gl-ES

**Con respecto á educación infantil no seu conxunto, se o orzamento se incrementase nun 5 %, como avaliaría a importancia das seguintes prioridades de gasto?**

*Marque unha opción en cada fila.*

Importancia  
moi baixa

Importancia  
algo baixa

Importancia  
moderada

Importancia  
algo alta

Importancia  
moi alta

a) Investir en xoguetes ou materiais didácticos

☐☐☐☐☐

b) Investir en instalacións exteriores

☐☐☐☐☐

c) Mellorar os edificios e as instalacións interiores do centro

☐☐☐☐☐

d) Investir en recursos e ferramentas dixitais

☐☐☐☐☐

e) Apoiar o alumnado bilingüe

☐☐☐☐☐

f) Apoiar o alumnado con necesidades educativas especiais

☐☐☐☐☐

g) Apoiar o alumnado de contextos desfavorecidos (p. ex., economicamente desfavorecidos, refuxiados)

☐☐☐☐☐

h) Reducir o número de alumnado por aula contratando máis persoal para o equipo educativo de educación infantil

☐☐☐☐☐

i) Ofrecer desenvolvemento profesional de alta calidade aos membros do equipo educativo de educación infantil

☐☐☐☐☐

l) Mellorar os salarios do equipo educativo de educación infantil

☐☐☐☐☐

m) Reducir a carga administrativa do equipo educativo de educación infantil (p. ex., contratando persoal de apoio)

☐☐☐☐☐

## SQ\_24\_gl-ES

**No seu traballo coas nenas e nenos, en que medida sente que é capaz de facer o seguinte?**

*Marque unha opción en cada fila.*

Nada en absoluto

Algo

Bastante

Moito

a) Apoiar o desenvolvemento das nenas e nenos de contornas desfavorecidas

☐☐☐☐

b) Adaptar o seu traballo ás necesidades individuais das nenas e nenos

☐☐☐☐

c) Axudar as nenas e nenos a desenvolveren a súa capacidade de aprender de forma autónoma

☐☐☐☐

d) Axudar as nenas e nenos a preparárense para a transición a outro centro que imparte educación infantil ou a outro centro de educación primaria

☐☐☐☐

e) Estimular o interese das nenas e nenos polas diferenzas e afinidades culturais

☐☐☐☐

f) Axudar as nenas e nenos a interactuaren entre elas e a mostraren un bo comportamento social (p. ex., compartir, axudar os demais)

☐☐☐☐

g) Axudar as nenas e nenos a desenvolveren a creatividade e a resolveren problemas

☐☐☐☐

h) Usar recursos e ferramentas dixitais para facilitar o traballo coas nenas e nenos

☐☐☐☐

i) Ofrecer a todas as nenas e nenos unha sensación de seguridade

☐☐☐☐

l) Utilizar diversas estratexias de supervisión e avaliación para controlar o desenvolvemento, o benestar e a aprendizaxe das nenas e nenos

☐☐☐☐

---

**SQ\_Headline\_Text\_gl-ES**

*As seguintes preguntas describen situacións típicas de centros que imparten educación infantil e algunhas posibles respostas a estas situacións. Responda estas preguntas baseándose nas súas propias crenzas e enfoques persoais, dada a información proporcionada nestas situacións breves, aínda que non capturen a complexidade das situacións ás que se enfronta no seu traballo diario como membro do equipo educativo de educación infantil. Considere cada posible resposta de forma independente: pode indicar que faría máis dunha destas cousas ou indicar que non faría ningunha delas se non reflicten a súa práctica habitual.*

---

## SQ\_26 (Form B)\_gl-ES

**No seu grupo hai un neno que normalmente é tímido, non fala moito e é remiso a participar nas actividades grupais. Unha mañá, o neno móstralle con entusiasmo un libro sobre o espazo exterior e parece desexoso de compartilo co grupo. O seu plan de hoxe para o grupo era terminar unha serie de actividades de varios días nas que se traballou sobre animais. Que fai?**

*Marque unha opción en cada fila.*

Seguro que non o  
fago

Pode que non o  
faga

Pode que o faga

Seguro que o fago

- a) Pídlle ao neno que garde o libro nun lugar seguro para que non se perda.



☐☐☐☐

b) Dígolle: “Que chulo, vai do espazo exterior! Podemos velo xuntos durante a nosa actividade de xogo libre máis tarde?”.

☐☐☐☐

c) Suxiro que mañá lle preguntemos ao grupo se lle gustaría ler o libro conxuntamente.

☐☐☐☐

d) Ofrézome a ler o libro ao grupo durante a hora de ler aínda que non se axuste aos plans do día.

☐☐☐☐

---

## SQ\_28 (Form A)\_gl-ES

**Estalle a ler un libro a un pequeno grupo de nenos e nenas. Unha nena ponse de pé e anuncia que sabe imitar o son dun animal que sae no libro. Que fai?**

*Marque unha opción en cada fila.*

Seguro que non o fago

Pode que non o faga

Pode que o faga

Seguro que o fago

a) Pídolle que nolo ensine e suxiro que o resto se una para facer ruídos de animais.

☐☐☐☐

b) Recoñezo o seu entusiasmo e digo: "Sigamos lendo para ver que máis fai o animal do libro".

☐☐☐☐

c) Pídolle que sente e lémbrolles a todos/as que é importante escoitar en silencio cando lemos libros xuntos.

☐☐☐☐

d) Recoñezo o seu interese polo libro e dígolle que podemos simular ser animais cando terminemos o conto.

☐☐☐☐

---

## SQ\_33\_gl-ES

**No que respecta ás interaccións diarias co alumnado, en que medida son de aplicación os seguintes aspectos neste centro?**

*Marque unha opción en cada fila.*

Nada en absoluto

Algo

Bastante

Moito

a) Os libros e as imaxes presentan persoas de diversos grupos étnicos e culturais.

☐☐☐☐

- b) Os libros e as imaxes mostran persoas de diferentes grupos étnicos e culturais en diversos roles profesionais e sociais.

☐☐☐☐

- c) Os libros e as imaxes presentan persoas con diferentes necesidades físicas.

☐☐☐☐

- d) Os libros e as imaxes presentan estruturas familiares diversas (p. ex., familias cunha única persoa proxenitora e familias con proxenitoras de minorías sexuais ou de xénero).

☐☐☐☐

- e) O alumnado xoga con xoguetes e obxectos de culturas distintas á maioría étnica.

☐☐☐☐

- f) As actividades fan fincapé no que teñen en común as persoas de diferentes grupos étnicos e culturais.

☐☐☐☐

- g) As actividades teñen como obxectivo dar a coñecer as diferentes linguas do alumnado bilingüe na aula ou grupo.

☐☐☐☐

# Semana de traballo

---

## SQ\_35\_gl-ES

**Durante a súa última semana (de luns a domingo) completa, aproximadamente cantas horas dedicou en total ás tarefas relacionadas co seu traballo neste centro?**

*Inclúa tamén as tarefas que tiveron lugar durante as tardes, as fins de semana ou outras horas fóra da aula ou grupo (mesmo na casa).*

*Unha semana (de luns a domingo) "completa" é aquela que non se reduciu debido a festas, vacacións, ausencias por enfermidade etc.*

*Redondee á hora completa máis próxima.*

Horas en total

---

## SQ\_36\_gl-ES

**Aproximadamente, cantas horas dedicou ás seguintes tarefas durante a súa última semana (de luns a domingo) completa no seu traballo neste centro?**

*Para "o tempo de contacto directo co alumnado", conte aquel no que é responsable (en solitario ou con compañeiros/as) de alumnado nunha aula.*

*Inclúa as tarefas que tiveron lugar durante as fins de semana, as tardes ou outras horas fóra da aula ou grupo (mesmo na casa).*

*Algunhas tarefas pódense solapar (p. ex., a conversación cos compañeiros/as e a asistencia a actividades de desenvolvemento profesional poderíanse solapar). Inclúa o tempo de todas as categorías, mesmo que se solapen.*

*Redondee á hora completa máis próxima en cada apartado. Escriba 0 (cero) se non dedicou ningunha.*

